

CIRCULAR INFORMATIVA PARA ALUMNADO DE 2º ESO

Estimado pai/nai ou titor/a legal:

Como xa saberá, no vindeiro curso implántanse os cambios establecidos na LOMCE nos niveis 2º e 4º de ESO, e 2º de Bacharelato, polo que lle informamos dalgunhas cuestións que poden ser do seu interese.

As materias de opción que cursará en 3º son as seguintes:

Nas ensinanzas relixiosas deberá elixir entre:

- Relixión católica
- Valores éticos

Como materia optativa deberá elixir entre:

- Francés
- Cultura clásica

Con respecto ás Matemáticas deberá elixir entre:

- Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas
- Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas

Cos cambios introducidos pola LOMCE, o alumnado deberá aprobar unha avaliación final en 4º de ESO para acadar o título. Esta avaliación poderase facer por dúas opcións:

- Opción de *ensinanzas académicas*: o título acadado por esta opción permite cursar posteriormente Bacharelato.
- Opción de *ensinanzas aplicadas*: o título acadado por esta opción permite cursar posteriormente Formación Profesional.

Polo tanto, en 3º de ESO, a elección das matemáticas condiciona xa estas dúas opcións, aínda que en todo caso non é vinculante.

Dende este centro recomendamos que se escollan as *Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas*, agás que xa neste momento se teña claro que non se vai cursar Bacharelato. Doutro xeito estaría limitando as posibilidades futuras do seu fillo/a.

Libros de texto

Dado que o ano pasado xa houbo novos libros de texto en 3º de ESO, este ano haberá intercambio de libros a través do fondo solidario.

Seguindo a normativa vixente sobre bancos de libros, vostede poderá **solicitar o préstamo dos libros de 3º de ESO e as achegas económicas para outro material escolar.**


Ambas solicitudes realizaranse nun único impreso, que se entregará na Secretaría do centro entre o 18 de maio e o 23 de xuño. Asignaranse mediante unha aplicación informática en función da renda e dalgunha outra circunstancia excepcional.

Para recibir os libros e/ou as achegas **é imprescindible devolver os libros utilizados durante o presente curso que foron recibidos en préstamo a través do fondo solidario.** Esta devolución farase no momento da entrega das notas finais. Ese día, o/a alumno/a deberá traer todos os libros que mercara co vale (e ademais poderá entregar voluntariamente os libros mercados sen achegas, que se incorporarán ao fondo solidario do centro). Á vista das notas, se lle recollerán nese momento os libros das materias que teña aprobadas. Poderá levar a casa os das materias suspensas, que serán devoltos o día de entrega de notas en setembro.

Matrícula

Recordámoslle que o período de matrícula é do 25 de xuño ao 10 de xullo, ambos os dous incluídos. Para o alumnado que, por ter materias suspensas en xuño, deba matricularse en setembro, o prazo será do 1 ao 10 de setembro.

O Director,



Asdo.: Íñigo Barreiro García

